



**Confederación Intersindical Galega**

En Santiago de Compostela, a 11 de xullo 2022

## **ACHEGAS DA CONFEDERACIÓN SINDICAL GALEGA EN RELACIÓN AO PROXECTO DE REAL DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE O MECANISMO RED DE FLEXIBILIDADE E ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO**

### **1. En relación coa activación do Mecanismo, a composición da Comisión tripartita do Mecanismo RED e a Comisión Social de Seguimento do Fondo RED de Flexibilidade e Estabilización do Empleo, F.C.P.X.**

O art. 47 bis ET establece que *"En el ámbito de la modalidad sectorial, las organizaciones sindicales y empresariales más representativas a nivel estatal podrán solicitar a los Ministerios referidos la convocatoria de la Comisión tripartita del Mecanismo RED"*, indicando máis adelante que *"En todo caso, con carácter previo a su elevación al Consejo de Ministros, resultará imprescindible informar a las organizaciones sindicales y empresariales más representativas a nivel estatal"*.

Esta alusión ás *"organizaciones sindicales y empresariales más representativas a nivel estatal"* nunha norma con rango legal é dificilmente compatíbel cos arts. 6.3.a) e 7.1 in fine LOLS, que atribúen o dereito de *"ostentar representación institucional ante las Administraciones públicas u otras entidades u organismos de carácter estatal"* tanto aos sindicatos máis representativos a nivel estatal como aos que o son a nivel de comunidade autónoma.

Así mesmo, resulta grave a composición da mencionada Comisión tripartita del Mecanismo RED, que se regula no art. 4 do Proyecto de Real Decreto, e tamén da Comisión Social de Seguimento del Fondo RED de Flexibilidad y Estabilización del Empleo, F.C.P.J., regulada no seu art. 31.

Interesa sinalar, con carácter previo, que nin o ET nin ningunha outra norma legal contén previsións específicas sobre cal deba ser a composición destas comisións, que se fixa por tanto mediante regulamento.



**Confederación Intersindical Galega**

O Proxecto de Real Decreto establece que ditas comisións estarán formadas, entre outros membros, por *"Cuatro vocalías designadas por la persona titular del Ministerio de Trabajo y Economía Social a propuesta de las organizaciones empresariales y sindicales más representativas a nivel estatal"* (arts. 4.2.c) e 31.2.c), que presentan idéntica redacción).

Esta delimitación do número de membros e a mención expresa que se fai dos sindicatos máis representativos a nivel estatal exclúe lóxicamente a participación dos sindicatos máis representativos a nivel de comunidade autónoma nestes organismos de participación institucional, o que resulta contrario ao artículo 7.1 *in fine* LOLS.

Así o declarou recentemente a SAN 09/03/2022 (ECLI:ES:AN:2022:1379), que estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola CIG contra a Orden TMS/667/2019, de 5 de junio, pola que se crea o Observatorio para la lucha contra el fraude a la Seguridad Social, precisamente por reservar aos sindicatos máis representativos a nivel estatal a participación en dito organismo. Di a sentenza que:

*"A juicio de la Sala, la interpretación reduccionista de este inciso del art. 7.1 LOLS que efectúa el Abogado del Estado no lo tolera el precepto legal, ni en su texto ni en su orientación axiológica. Pero es que, además, la proyección estatal de la capacidad de representación institucional de los sindicatos más representativos a nivel autonómico constituyó el punto de partida y la justificación constitucional última del diferente grado de audiencia electoral exigido en los arts. 6 y 7 LOLS para alcanzar la condición de más representativo a nivel estatal y a nivel autonómico respectivamente. Así se desprende de la lectura del FJ 16 de la STC 98/1985, de 29 de julio, que resolvió el recurso previo de inconstitucionalidad deducido contra el Proyecto de Ley Orgánica de Libertad Sindical: "Para enjuiciar desde la perspectiva constitucional estas exigencias mayores impuestas por el legislador para obtener la condición de sindicato más representativo a nivel de Comunidad Autónoma, es preciso tener en cuenta que el Proyecto impugnado concede (art. 7.1, apartado 2.º) a tales sindicatos no sólo las mismas prerrogativas que a los de nivel estatal en el ámbito específico de la respectiva Comunidad, sino también «la capacidad para ostentar representación institucional ante las Administraciones Públicas u otras Entidades u organismos de carácter estatal». El papel reservado así a dichos sindicatos en el ámbito estatal tiene como contrapartida los peculiares requisitos que en orden a la representatividad les han sido impuestos".*



**Confederación Intersindical Galega**

## **2. En relación coa protección das persoas traballadoras, obrigas e compromisos das empresas e Administracións Públicas.**

O Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, concede carácter estrutural e permanente á normativa de excepción que se desenvolveu para a xestión da pandemia de covid-19, baseada, entre outras, nunha xigantesca transferencia de fondos públicos ás empresas para axustar as súas capacidades produtivas en situacións de crise. Ante esta prioridade absoluta, ten un papel secundario a protección da persoa traballadora, especialmente a non vinculada a través dunha modalidade contratual estable e indefinida.

Os expedientes de regulación de emprego vanse estender como unha medida importante de flexibilidade laboral, as persoas traballadoras imos subvencionar o capital coas nosas prestacións por desemprego. En moitos sectores as persoas traballadoras van estar castigadas a vivir nun ERTE permanente. O argumento oficial para xustificar esta enorme transferencia de rendas do traballo ao capital é que a «flexibilidade interna» evita a destrución de emprego. Porén, para despedir mantéñense intactas todas as facilidades que puxeron as reformas laborais para o despedimento.

En todo caso, consideramos se debera regular de forma clara que en calquera das modalidades de activación das medidas reguladas nesta norma, as empresas terán prohibido nos 3 meses anteriores á aplicación dos mecanismos contidos nesta norma ou durante a vixencia destes Ertes, a aplicación de despedimentos colectivos, significativas reducións de persoal, **descolgues salariais, inalicacións de convenio, modificacións substanciais colectivas das condicións de traballo, mobilidade xeográfica ou funcional.**

Ademáis, para as empresas poder ser beneficiarias da aplicación destas medidas, deberán garantir deberán cumprir as seguintes condicións e garantías: completar até o 100% os salarios; manter todo o plantel da empresa principal ou externas (ETTs, empresas multiservizos, etc.) e compromisos de ocupación efectiva, sexa cal sexa a modalidade contratual existente.



**Confederación Intersindical Galega**

A garantía de non despedimento e/ou reducións de persoal deberán extender a súa vixencia até un ano rematada a aplicación do Erte.

Por último, durante a vixencia e aplicación do Mecanismo RED a realización de horas extraordinarias, contratacións e externalizacións non serán posibles, salvo nos supostos debidamente negociados e acordados en cada empresa e suficientemente supervisados pola Inspección de Traballo.

Todas as Administracións Públicas competentes na posta en marcha e aplicación deste Decreto, deberán aprobar todas as medidas necesarias a fin de garantir :

- **O pago inmediato do paro, habilitando un procedemento especial e extraordinario** coa confección das nóminas para efectuar os pagos semana a semana até a posta ao día dos expedientes, que permita retomar os pagos a mes vencido. Manter a forma ordinaria de pago das prestacións é causar un atraso de graves consecuencias.
- **Garantir o cobro durante todo o Erte do 70% da base reguladora** de cada persoa traballadora, sexa cal sexa a duración e aínda que teña superado os 180 días de duración.
- Terán a mesma consideración á hora de acollerse ás medidas referidas a esta protección do desemprego, todas as persoas traballadoras, sexa cal sexa a súa modalidade contratual e sen que teñan xerado a cotización necesaria para o recoñecemento da prestación por desemprego.
- **O tempo de desemprego** pola aplicación destes Ertes entenderase como **non consumido**. Así mesmo, toda persoa traballadora, independentemente do tempo cotizado, terá dereito á prestación por desemprego.
- O pago e consumo de prestacións será o resultado dunha fórmula que corresponda cos días efectivos de desemprego, sen perxudicar as cuantías de cobro e de consumo de días, independentemente do número de días laborais ou non de que sexan ou non consecutivos.



**Confederación Intersindical Galega**

### **3. En relación co procedemento e período de consultas.**

A duración máxima será de ser de 15 días e 30 días, respectivamente, no suposto de empresas con plantel de menos de cincuenta ou máis persoas traballadoras.

### **4. En relación coa autoridade laboral competente.**

Consideramos necesario eliminar desta norma o concepto xurídico "especial transcendencia social" (artigo 16) tan indeterminado e inconcreto que pode causar arbitrariedade na súa aplicación, deixando sen efecto a delimitación de competencias autonómicas ou estatal, de quen é a autoridade laboral competente en cada procedemento.

Por todas as razóns e consideracións expostas, e , de forma destacada, a primeira que está formulada, a preterición dos sindicatos máis representativos a nivel de comunidade autónoma na activación, composición da Comisión tripartita do Mecanismo RED e a Comisión Social de Seguimento do Fondo RED de Flexibilidade e Estabilización do Empleo, F.C.P.X. resulta contraria a dereito, reservándose a CIG as accións legais que procedan no caso de non correxirse dita exclusión no Real Decreto que finalmente aprobe o Consello de Ministros.

Para que conste aos efectos legais oportunos.

**Asdo. Paulo S. Carril Vázquez**

**Secretario Xeral da CIG**

